

REUNIÓN DA COMISIÓN 4ª, EDUCACIÓN E CULTURA

Día: 21.03.2019 Hora: 10:30

A Comisión 4ª, Educación e Cultura, da que vostede forma parte, reunirse o próximo día 21 de marzo de 2019, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto 1. Preguntas

- 1.1 45648 (10/POC-007295)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Fernández Gil, César Manuel e 7 máis
Sobre as liñas mestras que vai seguir a política do Goberno galego para continuar avanzando no eido da investigación universitaria en Galicia nos vindeiros anos
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 430, do 13.02.2019
- 1.2 46618 (10/POC-007423)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e 5 máis
Sobre as intencións da Xunta de Galicia de defender a supresión da materia de Relixión do currículo escolar
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 437, do 27.02.2019
- 1.3 47134 (10/POC-007492)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Álvarez Martínez, Luis Manuel e Burgo López, María de la Concepción
Sobre a aplicación na actualidade en Galicia do acordo adoptado en xullo de 2009 para o agrupamento do alumnado de educación primaria, os datos referidos á distribución dos alumnos e organización dos cursos no CEIP plurilingüe Virxe da Luz, de Portomarín, e a valoración do Goberno galego ao respecto
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 444, do 13.03.2019
- 1.4 47194 (10/POC-007499)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Burgo López, María de la Concepción e 2 máis
Sobre a valoración da Xunta de Galicia respecto da proposta do presidente dun partido político de eliminar calquera obriga de coñecer a lingua galega para acceder os postos da Administración pública e as medidas previstas para defender os dereitos lingüísticos da cidadanía de Galicia
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 444, do 13.03.2019



Punto 2. Proposicións non de lei

- 2.1 46110 (10/PNC-003707)
Grupo Parlamentario de En Marea
Chao Pérez, Luca e Cuña Bóveda, María de los Ángeles
Sobre a catalogación, protección e difusión pola Xunta de Galicia do achado arqueolóxico da localidade de Casaio, no concello de Carballeda de Valdeorras
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 434, do 20.02.2019
- 2.2 47014 (10/PNC-003783)
Grupo Parlamentario de En Marea
Cuña Bóveda, María de los Ángeles e Chao Pérez, Luca
Sobre a adaptación polo Goberno galego dalgún dos inmobles de titularidade pública existentes en situación de abandono ou desuso no concello para a creación da Casa da Xuventude do Carballiño
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 441, do 06.03.2019
- 2.3 47018 (10/PNC-003784)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa reapertura da escola unitaria de San Mateo de Oliveira, en Pontearreas
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 441, do 06.03.2019

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 13 de marzo de 2019

Antonio Mouriño Villar
Presidente da Comisión





Asinado dixitalmente por:

Antonio Mouriño Villar na data 13/03/2019 16:04:25



RELACIÓN DE MEMBROS DE COMISIÓN 4ª, EDUCACIÓN E CULTURA

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidente	
Antonio Mouriño Villar	P
Vicepresidenta	
Teresa Egerique Mosquera	P
Secretaria	
Luca Chao Pérez	EM

Vogais

Luis Manuel Álvarez Martínez	S
María Encarnación Amigo Díaz	P
María Ángeles Antón Vilasánchez	P
María de la Concepción Burgo López	S
María de los Ángeles Cuña Bóveda	EM
César Manuel Fernández Gil	P
Carlos Gómez Salgado	P
María Isabel Novo Fariña	P
Olalla Rodil Fernández	BNG

Reunión da Comisión 4ª, Educación e Cultura

Día: 21.03.2019

Hora: 10:30

Orde do día

1. Preguntas

Reunión da Comisión 4ª, Educación e Cultura

Día: 21.03.2019

Hora: 10:30

Orde do día

1.1 45648(10/POC-007295)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Fernández Gil, César Manuel e 7 mçis

Sobre as liñas mestras que vai seguir a política do Goberno galego para continuar avanzando no eido da investigación universitaria en Galicia nos vindeiros anos

Publicación da iniciativa, 430, 13.02.2019



**GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA**



**PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA**
Data asento: 07/02/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 45648
Data envío: 07/02/2019 14:05:29.627

A Mesa do Parlamento

César Fernández Gil, Martín Fernández Prado, María Antón Vilasánchez, Teresa Egerique Mosquera, Carlos Gómez Salgado, Isabel Novo Fariña, Antonio Mouriño Villar e Encarna Amigo Díaz, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4ª, Educación e Cultura**.

O desenvolvemento da Galicia do futuro precisa dun sistema universitario adaptado ao século XXI e comprometido coa formación e xestión do talento. O sistema universitario galego debe actuar como catalizado do sistema produtivo galego e ser fonte permanente e inesgotable de innovación a través da investigación universitaria.

Neste sentido, as políticas do Goberno galego teñen que orientarse a seguir incrementando a colaboración e a cooperación entre as tres institucións que integran o Sistema Universitario de Galicia (SUG), ademais de traballar para mellorar a capacidade investigadora e os resultados da investigación universitaria xunto con unha especialización dos campus universitarios e un reforzo da captación de talento.

Por todo o exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta oral en Comisión:

Cales serán as liñas mestras da política do Goberno galego para continuar avanzando no eido da investigación universitaria en Galicia nos vindeiros anos?

Santiago de Compostela, 7 de febreiro de 2019

Asinado dixitalmente por:

César Manuel Fernández Gil na data 07/02/2019 13:59:51

Martín Fernández Prado na data 07/02/2019 13:59:59

María Antón Vilasánchez na data 07/02/2019 14:00:10

Teresa Egerique Mosquera na data 07/02/2019 14:00:18

Carlos Gómez Salgado na data 07/02/2019 14:00:27

María Isabel Novo Fariña na data 07/02/2019 14:00:35

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

CSM-REXISTRO-xp6m0HYZI-8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/ramiles/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/02/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 45648
Data envío: 07/02/2019 14:05:29.627

Antonio Mouriño Villar na data 07/02/2019 14:00:42

María Encarnación Amigo Díaz na data 07/02/2019 14:00:49

CSV, REGISTRO-xq6m0HYZT-8
Validado
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión da Comisión 4ª, Educación e Cultura

Día: 21.03.2019

Hora: 10:30

Orde do día

1.2 46618(10/POC-007423)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 mçis

Sobre as intencións da Xunta de Galicia de defender a supresión da materia de Relixión do currículo escolar

Publicación da iniciativa, 437, 27.02.2019



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/02/2019 13:51:25
Nº Rexistro: 46618
Data envío: 21/02/2019 13:51:25.071

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres e Noa Presas Bergantiños, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**, sobre a obriga de cursar a materia de relixión no bacharelato e as medidas que debe adoptar a Xunta de Galiza ao respecto.

En Galiza hai estudantes de Bacharelato que, non tendo vontade de cursar estudos de relixión, vense obrigados a facelo polo cómputo horario e a oferta de materias específicas vixente na actualidade que inclúe, coa aprobación da LOMCE e o Decreto 86/2015, relixión católica como tal.

A combinación horaria e a oferta académica –nomeadamente o mantemento da relixión como materia específica cunha hora lectiva-- está a obrigar, de facto, o estudantado –especialmente do bacharelato científico-tecnolóxico-- a cursar estudos de relixión.

Acontece así coa escolla de materias como robótica ou antropoloxía (2h), nos centros en que estas se inclúen na oferta, mais tamén e de maneira máis gravosa, acontecerá a partir do vindeiro curso 2019/2020 co estudantado que opte pola materia de libre configuración autonómica ‘Coeducación’ (2h), unha





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/02/2019 13:51:25
Nº Registro: 46618
Data envío: 21/02/2019 13:51:25.071

materia incluída no currículo de Bacharelato pola Xunta de Galiza co obxectivo de formar en igualdade, feminismo e prevención da violencia machista, unha contradición en termos co estudo e ensino de relixión.

Para o Bloque Nacionalista Galego, a relixión debe ficar no ámbito exclusivamente privado e, polo tanto, fóra do ensino público, sexa cal for a crenza e confesión que se profese. Máis aínda, se temos en conta que o Estado español se define como aconfesional, embora non laico.

Neste senso, ningunha persoa se pode ver obrigada, de facto, a cursar esta materia como tampouco debería incluírse na oferta educativa de ningún centro de ensino público do noso país, o que exige –como vén reclamando o BNG-- a derogación da LOMCE.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª:

- É coñecedora a Xunta de Galiza do feito de estaren sendo, de facto, obrigadas/os estudantes de Bacharelato a cursar a materia de relixión?
- Que opinión lle merece esta situación ao Goberno galego?
- Pensa adoptar a Xunta de Galiza algunha medida para impedir que esta situación se manteña?
- De ser así, cales? En caso contrario, por que non?

CSV do CSV do CSV
Verificado
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/02/2019 13:51:25
Nº Registro: 46618
Data envío: 21/02/2019 13:51:25.071

- Vai defender a Xunta de Galiza que a relixión desapareza do currículo escolar co obxectivo de garantir a separación efectiva destas crenza do ámbito público?

Santiago de Compostela, 21 de febreiro de 2019

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Luis Bará Torres

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 21/02/2019 13:49:31

María Montserrat Prado Cores na data 21/02/2019 13:49:39

Ana Pontón Mondelo na data 21/02/2019 13:49:40

CSX: 9hCvcCd0Uj9
Verificado
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csx/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/02/2019 13:51:25
Nº Rexistro: 46618
Data envío: 21/02/2019 13:51:25.071

Xose Luis Rivas Cruz na data 21/02/2019 13:49:42

Noa Presas Bergantiños na data 21/02/2019 13:49:44

Xosé Luis Bará Torres na data 21/02/2019 13:49:45

CSX: 81CvcCd0Uj9
Verificado
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csx/>



Reunión da Comisión 4ª, Educación e Cultura

Día: 21.03.2019

Hora: 10:30

Orde do día

1.3 47134(10/POC-007492)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e Burgo López, María de la Concepción

Sobre a aplicación na actualidade en Galicia do acordo adoptado en xullo de 2009 para o agrupamento do alumnado de educación primaria, os datos referidos á distribución dos alumnos e organización dos cursos no CEIP plurilingüe Virxe da Luz, de Portomarín, e a valoración do Goberno galego ao respecto

Publicación da iniciativa, 444, 13.03.2019



Á Mesa do Parlamento

Luís Manuel Álvarez Martínez e María Concepción Burgo López, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4ª.

No ano 2009, e co primeiro Goberno do Partido Popular do Sr. Núñez Feijóo, a Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria ditou unha instrución o 14 de maio de 2009, na que se establecían novos criterios para o agrupamento de alumnos de educación infantil e primaria, cás que se pretendía que na educación primaria se agrupasen alumnos nun único grupo sempre que o número fose igual ou inferior a quince.

Ante o rexeitamento xeral desta instrución, que modificaba o marco establecido ata ese momento, a propia Dirección Xeral modificou este criterio e chegou a un acordo que entendemos vixente neste momento, no mes de xullo de 2009, no que se establece que:

1. Poderase agrupar o alumnado de Educación Primaria pertencente ao mesmo ciclo nunha mesma unidade cando o número sexa igual ou inferior a catorce.
2. Poderase agrupar o alumnado de Educación Primaria pertencente a distinto ciclo nunha mesma unidade cando o número sexa igual ou inferior a doce.

Aínda que a Administración emprega o argumento de que os ciclos en educación primaria non existen, ao non estaren contemplados no Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, o certo é que tampouco se fixo ningunha modificación do acordo de 2009, polo que non só se lexitima a súa aplicación, se non que ademais é o que se ven facendo con carácter xeral ao considerar agrupamentos de 1º e 2º cursos (o anterior primeiro ciclo de educación primaria), 3º e 4º cursos (segundo ciclo) e 5º e 6º cursos (terceiro ciclo).

A situación do CEIP Plurilingüe Virxe da Luz de Portomarín, e logo das queixas que se deron como consecuencia da redución dun posto de traballo docente durante o curso actual, foi debatida na Comisión 4ª de Educación e Cultura do Parlamento de Galicia o día 14 de decembro de 2018.





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/03/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 47134
Data envío: 28/02/2019 19:00:57.934

Durante ese debate, o portavoz do Grupo Parlamentario Popular fixo referencia á distribución do alumnado e organización do centro con datos que damos por certos posto que, evidentemente, lle foron subministrados pola Administración educativa da Xunta de Galicia. Segundo eses datos o centro está organizado do seguinte xeito:

1. Unha unidade de educación infantil con 11 alumnos
2. Unha unidade con alumnos de 1º, 2º e 3º de educación primaria con 9 alumnos
3. Unha unidade con alumnos de 4º, 5º e 6º de educación primaria con 13 alumnos

Como se pode comprobar, o agrupamento dos alumnos de 4º, 5º e 6º supera o máximo establecido de 12 alumnos no acordo do ano 2009.

Esta situación prodúcese nun contexto no que a provincia de Lugo pasou, segundo a información estatística da Xunta de Galicia, de ter 4.185 docentes non universitarios no ano 2008 a 3.784 no ano 2018, é dicir 401 docentes menos o que supón unha redución do 9,6 %, o que a converte na provincia galega na que maior porcentaxe se reduciu.

Por iso, o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Estanse a aplicar na comunidade autónoma de Galicia os criterios para agrupar alumnos de educación primaria conforme ao acordo de xullo de 2009, mantendo *de facto* os ciclos preexistentes nesta etapa educativa?

2ª) Se non se están aplicando, existen instrucións escritas para que, tanto a Inspección de Educación como os centros educativos, dispoñan de criterios obxectivos para a súa aplicación?

3ª) Son correctos os datos que, sobre a distribución de alumnado e organización de cursos no CEIP Plurilingüe Virxe da Luz de Portomarín, se deron na sesión da Comisión 4ª de Educación e Cultura do Parlamento de Galicia o día 14 de decembro de 2018 por parte do portavoz do Grupo Parlamentario Popular?

4ª) Se son certos, que valoración fai do agrupamento de 13 alumnos de 4º, 5º e 6º de educación primaria?



CSV: 56v6c0UTU8

Verificación

<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/03/2019 09:30:00
Nº Registro: 47134
Data envío: 28/02/2019 19:00:57.934


5ª) Entende a Xunta de Galicia que de aplicar o acordo este centro debería ter tres unidades de educación primaria e, en consecuencia, maior número de docentes?

Pazo do Parlamento, 28 de febreiro de 2019

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 28/02/2019 18:57:59

Maria de la Concepción Burgo López na data 28/02/2019 18:58:05



CSV: 56v4c0UTU8

Verificar

<https://seccr.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión da Comisión 4ª, Educación e Cultura

Día: 21.03.2019

Hora: 10:30

Orde do día

1.4 47194(10/POC-007499)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Burgo López, María de la Concepción e 2 máis

Sobre a valoración da Xunta de Galicia respecto da proposta do presidente dun partido político de eliminar calquera obriga de coñecer a lingua galega para acceder os postos da Administración pública e as medidas previstas para defender os dereitos lingüísticos da cidadanía de Galicia

Publicación da iniciativa, 444, 13.03.2019



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/03/2019 12:26:07
Nº Rexistro: 47194
Data envío: 04/03/2019 12:26:07.515

Á Mesa do Parlamento

Concepción Burgo López, Xoaquín Fernández Leiceaga e Luis Manuel Alvarez Martínez, deputada e deputado pertencente ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión 4.ª, Educación e Cultura**.

O novo líder do Partido Popular, Pablo Casado, vén de anunciar que está disposto a comezar unha guerra lingüística en todos os territorios con lingua cooficial, tal como fixo en Galicia Alberto Núñez Feijoo.

Así, Pablo Casado leva ao programa electoral para as eleccións do 28 de abril a promesa de desenvolver unha “lei de linguas” que fundamentalmente significaría fortes recortes para os idiomas oficiais diferentes ao castelán, e por suposto tamén para o galego.

O Partido Popular quere con esta lei eliminar calquera obriga de coñecer o galego para acceder a empregos públicos ao considerar indispensable soamente o coñecemento do español, e un mérito coñecer o galego, que se convertería en algo opcional. Isto significa prohibir que coñecer o idioma galego poda ser considerado como un requisito para acceder a un posto na administración pública, cando o coñecemento do español xa é unha obrigación marcada pola Constitución.

Tamén pretende inmiscuírse nas decisións das comunidades autónomas con idioma cooficial en asuntos como o idioma nas sinalizacións, a utilización do idioma propio na administración e na súa relación cos cidadáns.

Esta proposta de lei orgánica vai en contra dos dereitos lingüísticos dos galegos e galegas garantidos no Estatuto de Autonomía.

Así o artigo 5 afirma que o galego é a lingua propia de Galicia e cooficial co castelán. Todos os cidadáns teñen dereito a coñecelos e usalos, e os poderes públicos teñen que garantir o uso normal e oficial de ambos idiomas e potenciar o “emprego do galego en tódolos planos da vida pública, cultural e informativa, e disporán os medios necesarios para facilita-lo seu coñecemento”, afirmando categoricamente que ninguén pode ser discriminado pola súa lingua.

CSM-eE1H3v1UUX2
Verificación
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/03/2019 12:26:07
Nº Registro: 47194
Data envío: 04/03/2019 12:26:07.515


A proposta do Presidente do Partido Popular, Pablo Casado, vulnera gravemente o dereito da cidadanía galega a usar a nosa lingua en todos as ordes da vida, tamén na administración pública dereito que ten ser defendido polo goberno de Galicia, e que xa foi restrinxido polo goberno do presidente Feijoo en Galicia ao modificar a lei da Función Pública en canto as obrigas lingüísticas dos empregados públicos, xa en 2009.

Propostas como as do Partido Popular son totalmente involucionistas e nos sitúan en tempos preconstitucionais cando só existía para a administración o español.

Ante a campaña de vulneración de dereitos da cidadanía, tamén da galega, que está a levar a cabo o Partido Popular consideramos que o presidente Feijoo e o goberno da Xunta de Galicia ten que manifestar claramente a súa repulsa ante ela, e dar a coñecer as medidas que tomarán para que os dereitos, neste caso lingüísticos, dos galegos e galegas non sexan vulnerados, así como manifestar claramente si van ou non a defender o Estatuto de Autonomía de Galicia

Polo exposto, a deputada e deputados asinantes formulan as seguintes preguntas:

- 1.ª) Como valora a Xunta de Galicia a proposta do presidente do PP de eliminar calquera obriga de coñecer o idioma galego para acceder a postos da administración pública?
- 2.ª) Tendo en conta que esta proposta feita polo presidente do PP vulnera o estatuto de Autonomía de Galicia, que pensa facer ao respecto?
- 3.ª) Que medidas pensa tomar para defender o estatuto de Autonomía de Galicia e os dereitos lingüísticos da cidadanía de Galicia ante as propostas do presidente do PP de eliminar calquera obriga de coñecemento do galego para acceder a un posto na administración pública de Galicia?





PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/03/2019 12:26:07
Nº Registro: 47194
Data envío: 04/03/2019 12:26:07.515

4.ª) Considera o goberno da Xunta de Galicia que é necesario diminuír a presenza do idioma galego na administración pública?

Pazo do Parlamento, 4 de marzo de 2019


Asdo.: Concepción Burgo López
Luis Manuel Álvarez Martínez
Xoaquín Fernández Leiceaga
Deputada e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Maria de la Concepción Burgo López na data 04/03/2019 12:22:47

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 04/03/2019 12:22:58

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 04/03/2019 12:23:12



Reunión da Comisión 4ª, Educación e Cultura

Día: 21.03.2019

Hora: 10:30

Orde do día

2. Proposicións non de lei

Reunión da Comisión 4ª, Educación e Cultura

Día: 21.03.2019

Hora: 10:30

Orde do día

2.1 46110(10/PNC-003707)

Grupo Parlamentario de En Marea

Chao Pérez, Luca e Cuña Bóveda, María de los Ángeles

Sobre a catalogación, protección e difusión pola Xunta de Galicia do achado arqueolóxico da localidade de Casaio, no concello de Carballada de Valdeorras

Publicación da iniciativa, 434, 20.02.2019



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/02/2019 18:16:44
Nº Rexistro: 46110
Data envío: 12/02/2019 18:16:44.739



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea, a iniciativa das súas deputadas Luca Chao Pérez e Ánxeles Cuña Bóveda, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 4.^a**, sobre a protección das pinturas rupestres de Casaio.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Hai poucos días o equipo de Sputnik Labrego e Estela Arqueoloxía e Patrimonio SL documentaron un dos conxuntos pictóricos prehistóricos máis importantes do noroeste peninsular na localidade de Casaio en Carballeda de Valdeorras.

Segundo explican dende Estela Arqueoloxía a descuberta produciuse durante o proceso de documentación dunha choza da guerrilla antifranquista. Observadas as pinturas deron parte á Dirección Xeral de Patrimonio Cultural para que confirmase o achado, que enviaría a José Manuel Rey, especialista en arte rupestre e director do Parque Arqueolóxico de Arte Rupestre de Campolameiro (Pontevedra), que confirmou a importancia da descuberta.

Nas primeiras visitas as investigadoras xa localizaron unha quincena de pinturas diferentes entre as que destaca un ídolo oculado, o primeiro documentado no país, e que supón un importante fito arqueolóxico xa que nos atoparíamos ante o maior legado de pintura esquemática prehistórica do noroeste peninsular, máis aínda tendo en conta que a presenza da arte rupestre pictórica en Galicia é moi escasa.

CSM-REXISTRO-ctrlibxys-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/ramilas/csv/>





PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/02/2019 18:16:44
Nº Registro: 46110
Data envío: 12/02/2019 18:16:44.739



Ante esta situación, En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a catalogar, protexer e difundir este importante achado.

Santiago de Compostela, 12 de febreiro de 2019.

Asdo.: Luca Chao Pérez

Ánxeles Cuña Bóveda

Deputadas do G.P. de En Marea.

Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de en Marea

Asinado dixitalmente por:

Luca Chao Pérez na data 12/02/2019 18:00:56

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 12/02/2019 18:01:03

Luis Villares Naveira na data 12/02/2019 18:01:09

CSV REGISTRO-CHLFBKYS-9
Verificado
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Reunión da Comisión 4ª, Educación e Cultura

Día: 21.03.2019

Hora: 10:30

Orde do día

2.2 47014(10/PNC-003783)

Grupo Parlamentario de En Marea

Cuña Bóveda, María de los Ángeles e Chao Pérez, Luca

Sobre a adaptación polo Goberno galego dalgún dos inmobles de titularidade pública existentes en situación de abandono ou desuso no concello para a creación da Casa da Xuventude do Carballiño

Publicación da iniciativa, 441, 06.03.2019



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/02/2019 17:38:32
Nº Rexistro: 47014
Data envío: 27/02/2019 17:38:32.870



Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentar de En Marea**, a iniciativa das súas deputadas **Ánxeles Cuña Bóveda e Luca Chao Pérez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 4.ª**.

Exposición de motivos

A mocidade do Carballiño precisa espazos propios que lles permita desenvolver métodos de participación reais. Que lles permita afianzarse en procesos de dinamización culturais e sociais. Así o demandan as ANPAS da vila que solicitan para os seus mozos e mozas opcións de lecer que neste caso suporía un investimento orzamentario viable.

A agrupación política Alternativa Veciñal de Carballiño presentou unha Moción ao pleno do Concello, coa pretensión de acadar o consenso de todos os grupos que forman a corporación municipal, para a creación dun espazo cultural e de lecer destinado á mocidade do municipio. A formación destacou que esta idea "non é unha proposta nova" e que esta necesidade responde a unha demanda das diferentes Anpas dos centros educativos da localidade nunha xuntanza cos representantes políticos.

O Carballiño necesita dar alternativas á xuventude, espazos abertos de socialización, de encontro entre iguais que promova a acción social a través de representacións artísticas e culturais. Trátase de habilitar espazos de encontro nos que poidan realizar actividades para así favorecer o seu desenvolvemento persoal e social.

Unha casa da Xuventude de titularidade pública, autonómica, e a un tempo que





de cumprimento aos intereses dunha institución de iniciativa municipal. Tendo en conta que pode aportar alternativas de crecemento, a través da cultura, do lecer, do deporte, do asociacionismo, a Administración ben pode facerse cargo do pago de nóminas e gastos do edificio.

Outras Casas da Xuventude, os agora chamados Espazos de emprendemento que dependen na actualidade da Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia, dentro da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado, dan moitas opcións de lecer, fomentando a solidariedade entre mozos e mozas, a amizade, o traballo en equipo e outros valores importantes na sociedade de hoxe.

Este concello conta con edificios de titularidade propia e outros que pertencendo a outras administración están en abandono ou en desuso. Pódese pois adaptar un destes inmobles e darlle utilidade na creación desta CASA DA XUVENTUDE.

Posibles localizacións para a mesma poderían ser:

1. ESTACIÓN DE AUTOBUSES: conta con espazo suficiente para acoller as distintas estancias para diversidade de actividades e obradoiros. Dispón tamén dunha zona externa cuberta para poder realizar actividades deportivas con climatoloxía adversa. Para poder facer uso deste inmovible, a Alternativa Veciñal do Carballiño (quen puxo enriba da mesa esta reivindicación) é consciente de que o servizo que presta agora ben se podería solventar coa creación dunha dársena intermodal na estación de trens. Isto suporía una vantaxe engadida ao poder xuntar fisicamente dous servizos de mobilidade: bus e tren, e asemade favorecer a chegada dos buses dende a estatal que conecta Ourense-Pontevedra sen ter que realizar o actual desvío que veñen realizando ata o de agora. Cun módico investimento orzamentario poderíanse adaptar as instalacións. A súa situación céntrica favorece o desprazamento dos rapaces e rapazas e á súa vez o distanciamento con outras edificacións





PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/02/2019 17:38:32
Nº Rexistro: 47014
Data envío: 27/02/2019 17:38:32.870



habitadas propicia a creación de locais de ensaios musicais.

2. CASA SINDICAL: presenta mellor situación que o inmoible anterior. Só sería necesario un pequeno investimento para adecuar as instalacións.
3. ANTIGA CASA DO POBO.
4. CENTRO DE INTERPRETACIÓN DA NATUREZA.
5. RESIDENCIA DO TEMPO LIBRE.

Por todo o dito, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a adaptar un destes inmoibles e darlle utilidade na creación da CASA DA XUVENTUDE do Carballiño.

Santiago de Compostela, 27 de febreiro de 2019.


Asdo.: Ánxeles Cuña Bóveda

Luca Chao Pérez,

Deputadas do G.P. de En Marea

Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea



<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/02/2019 17:38:32
Nº Rexistro: 47014
Data envío: 27/02/2019 17:38:32.870



Asinado dixitalmente por:

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 27/02/2019 17:34:49

Luca Chao Pérez na data 27/02/2019 17:34:56

Luis Villares Naveira na data 27/02/2019 17:35:03

CSX: huf_pcsVqNI
Verificación
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Reunión da Comisión 4ª, Educación e Cultura

Día: 21.03.2019

Hora: 10:30

Orde do día

2.3 47018(10/PNC-003784)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa reapertura da escola unitaria de San Mateo de Oliveira, en Ponteareas

Publicación da iniciativa, 441, 06.03.2019



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/02/2019 18:08:35
Nº Rexistro: 47018
Data envío: 27/02/2019 18:08:35.518

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Luis Bará Torres, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**, relativa á reapertura da escola unitaria de San Mateo de Oliveira en Pontearreas.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 30 de xullo de 2018, a Consellaría de Educación fixo público no DOG a decisión de pechar a escola unitaria de San Mateo de Oliveira, pertencente ao CRA A Picaraña de Pontearreas, debido ao descenso da matrícula por debaixo dos 6 alumnos.

Tanto o concello de Pontearreas como a comunidade escolar demandaron a continuidade desta escola, por razóns pedagóxicas e sociais. Antes do inicio das clases no presente curso 2018/2019, seis familias con nenas e nenos en idades de 3 a 5 anos, manifestaron o seu compromiso de matrícula para realizar estudos de educación infantil na escola unitaria de San Mateo de Oliveira, e solicitaron que sexa aceptada a escolarización das súas fillas e fillos nesta escola para evitar o peche da mesma.

O Pleno da Corporación de Pontearreas, en setembro de 2018, apoiou a demanda e adoptou os seguintes acordos:

“1. Instar á Xunta de Galiza a manter a escolarización na escola unitaria de San Mateo de Oliveira, tendo en conta que cumpre co mínimo de seis alumnos para o





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA

Data asento: 27/02/2019 18:08:35

Nº Rexistro: 47018

Data envío: 27/02/2019 18:08:35.518

presente curso e que existen datos que acreditan a continuidade de alumnado nos cursos 2019-2020 e 2020-2021. Considerando tamén que non se deu opción de matrícula na citada escola-aula do CRA no período oficial de matrícula.

2. Asemade, insta ao goberno galego a estudar a posibilidade manter na escola o alumnado de primeiros cursos de primaria, respondendo á demanda realizada polo concello, comunidade educativa e entidades sociais da parroquia.”

3. Que garantice a posibilidade de abrir ou pechar as escolas unitarias do rural dependendo da demanda de alumnado de cada curso (e dicir, non pechar as escolas rurais de maneira permanente senón flexibilizando a súa apertura ou peche dependendo das matriculas de cada curso).

4. Instar ao goberno de Pontearreas a adoptar medidas encamiñadas a potenciar o asentamento de familias no rural e deste xeito facilitar que estas accedan ás escolas do CRA con campañas de información, liñas de descontos nos impostos municipais, con posibilidade de aula matinal, comedor, etc. Deste xeito contribuírase a que os centros do rural poidan contar cos servizos ofertados nos CEIP.”

Neste momento, a piques de abrir un novo período de prematrícula para o vindeiro curso 2019/2020, oito familias con nenas e nenos en idades de 3 a 5 anos, manifestan o seu compromiso de matrícula para realizar estudos na etapa infantil na escola unitaria de San Mateo de Oliveira, que pertence ao CRA “A Picaraña” de Pontearreas.

Isto ven confirmar o que xa se manifestaba no mes de setembro, que o descenso na matrícula no presente curso era puntual e que existen datos demográficos (incremento da natalidade) que avalan a continuidade do centro e a recuperación da matrícula.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/02/2019 18:08:35
Nº Rexistro: 47018
Data envío: 27/02/2019 18:08:35.518

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en comisión:

“O Parlamento insta á Xunta de Galiza a

1. Abrir a prematricula para o vindeiro curso 2019/2020 na aula do CRA “A Picaraña” sita en San Mateo de Oliveira, tendo en conta a demanda xa existente neste momento de oito alumnos/as.

2. Manter unha xuntanza sobre esta cuestión coa participación de todos os grupos da Corporación de Pontareas e unha representación das nais e pais de San Mateo, da FANPO así como dos colectivos sociais desta parroquia.”

Santiago de Compostela, 27 de febreiro de 2019

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

CSM: jhcQMafF20
Verificado
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/02/2019 18:08:35
Nº Rexistro: 47018
Data envío: 27/02/2019 18:08:35.518

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 27/02/2019 18:07:49

María Montserrat Prado Cores na data 27/02/2019 18:07:54

Ana Pontón Mondelo na data 27/02/2019 18:07:56

Xose Luis Rivas Cruz na data 27/02/2019 18:07:57

Olalla Rodil Fernández na data 27/02/2019 18:07:58

Noa Presas Bergantiños na data 27/02/2019 18:08:00

CSV: gplCMarF20
Validado:
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

